



MATERIA	Lingua castelá e Literatura
PROFESOR/A	Olga María Grien Díaz Ángeles Balseiro Balseiro Esther García de Lucas

CONTIDOS

CONTIDOS	
1ª AVALIACIÓN	<p>1 As linguas e a comunicación. Normas de acentuación. Nesta unidade trataremos o tema da comunicación e a diversidade lingüística do noso entorno. Coñeceremos as linguas que se falan en Europa e en España e iniciaremos o estudo do concepto de texto e a cohesión textual. Tamén repasaremos as principais normas de acentuación.</p>
	<p>2 A diversidade lingüística e a narración. Estrutura das palabras. Esta unidade xirará entorno ao texto narrativo. Reflexionaremos tamén sobre as variedades lingüísticas e sobre a estrutura das palabras e o seu significado. Finalizaremos co apartado de ortografía, no que repasaremos os casos especiais de acentuación e a til diacrítica.</p>
	<p>3 A descrición, o diálogo e a exposición. O substantivo. As letras maiúsculas. Unidade didáctica que se dedicará á identificación e produción de textos descritivos, expositivos e dialogados. Traballaremos a identificación e análise do substantivo. O apartado de ortografía versará sobre a correcta utilización das maiúsculas.</p>
	<p>4 Os medios de comunicación e as redes sociais. O adxectivo cualificativo. Uso da -b- e a -v-. Trataremos nesta unidade didáctica o papel dos medios de comunicación e as redes sociais na vida cotiá. Aprenderemos a localizar e analizar os adxectivos cualificativos. No apartado de ortografía afondaremos no uso da grafías -b- e -v-.</p>
2ª AVALIACIÓN	<p>5 Os textos literarios. Os adxectivos determinativos. Uso da letra -h-. Entraremos en contacto cos textos literarios e os principais recursos estilísticos. No apartado de reflexión sobre a lingua, aprenderemos a distinguir e clasificar os diferentes determinantes. O apartado de ortografía estará dedicado á letra -h-.</p>
	<p>6 Os xéneros literarios. Os pronomes. Uso das grafías -g e -j-. Unidade dedicada á toma de contacto e diferenciación dos distintos xéneros literarios. Recoñecemento e análise dos distintos tipos de pronomes. Apartado de ortografía dedicado ao repaso das grafías -g- e -j-</p>
	<p>7 Os xéneros narrativos I. O verbo I. Ortografía da -ll- e a -y-. Nesta unidade entraremos en contacto cos principais subxéneros narrativos (mitos, lendas e poemas épicos). Introduciremos a identificación e concepto de verbo e os seus principais accidentes gramaticais. Remataremos co repaso das grafías -ll- e -y-.</p>

	8	Os xéneros narrativos II. O verbo II. Ortografía da letra -x-. Continuaremos co estudo dos xéneros narrativos (novela e conto). Profundaremos na conxugación verbal e nas normas e uso da letra -x-.
3ª AVALIACIÓN	9	O xénero lírico I. As palabras invariables., Normas de puntuación I. Nesta unidade didáctica aprenderemos os conceptos básicos relacionados co xénero lírico (medida dos versos, rima e estrofa). Na reflexión sobre a lingua aprenderemos a identificar os adverbios, as preposición e as conxuncións máis importantes. Dada a importancia da puntuación na composición de textos escritos, traballaremos este aspecto en varias unidades. Comezaremos co uso do punto e a coma.
	10	O xénero lírico II. Os sintagmas. Normas de puntuación II. Nesta unidade entraremos en contacto cos principais subxéneros líricos . Daremos os primeiros pasos no estudo da sintaxe coa identificación e diferenciación dos sintagmas. Completaremos o uso dos signos de puntuación co uso do punto e coma e dos dous puntos.
	11	O xénero dramático I. O suxeito e predicado. Outras normas de puntuación. Iniciaremos o estudo do xénero teatral e as súas principais características. No apartado de reflexión sobre a lingua aprenderemos a identificar o suxeito e o predicado. Remataremos o estudo das normas de puntuación coas regras de utilización dos signos de interrogación e exclamación, os parénteses e os guións.
	12	O xénero dramático II. As modalidades oracionais. Repaso xeral de ortografía e puntuación. Nesta unidade didáctica entraremos en contacto cos principais subxéneros teatrais (traxedia, comedia e drama). Aprenderemos a identificar os principais tipos de oracións simples e realizaremos un repaso xeral de ortografía e puntuación.

LECTURAS

As lecturas obrigatorias para o presente curso son:

1ª avaliación: LALANA, Fernando. *La maldición del bronce*

2ª avaliación: MORENO, Eloy, *Invisibles*

3ª avaliación: WILDE, Oscar. *El fantasma de Canterville*

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E AVALIACIÓN

a) Probas escritas: en cada trimestre realizaranse, como mínimo, dúas probas escritas puntuadas sobre 10 puntos, que farán media entre elas. Nelas poderá haber preguntas tanto de comprensión lectora como de comunicación, gramática, ortografía ou educación literaria.

b) Comprobación das lecturas obrigatorias de cada avaliación. Non só valorarase o feito de ler ou non a obra, senón tamén a comprensión da mesma e a corrección na expresión escrita na exposición.

Se un alumno non se presenta a un exame, como norma xeral, deberá presentar unha xustificación. Así mesmo, é evidente que unha falta de disciplina no que se refire á realización dun exame (copiar, falar, saír da aula coñecendo xa o contido da proba, entrar a destempo sen xustificación, ou empregar o móbil) fará que o alumno sexa obxecto de sanción, que non se avalíe a proba e conste cunha cualificación de cero puntos.

c) Observación na aula: consignarase a comunicación oral na aula, a participación en clase (en debates, exposicións, postas en común), etc. O uso da correcta expresión oral será obxecto permanente de avaliación.

d) Caderno do alumno: nel consignaranse os traballos escritos, desenvoltos individualmente na aula ou fóra dela, que os alumnos realizarán a petición do profesor.

O uso da correcta expresión escrita do alumno será obxecto permanente de avaliación en toda clase de actividades. A súa actualización e corrección permiten avaliar o traballo, o interese e o grao de seguimento das tarefas do curso por parte de cada alumno.

e) Traballos individuais: monografías, resumos, esquemas, diagramas, traballos de investigación e documentación e textos escritos de calquera índole, como redaccións, comentarios literarios, etc.

As actividades e/ou traballos presentados máis tarde da data fixada non serán cualificados.

VALORACIÓN DOS INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN EN CADA TRIMESTRE

70% da nota: media dos exames realizados.

10% da nota: a proba de comprobación da lectura realizada en cada avaliación.

10% da nota: exposicións orais.

10% da nota: tarefas diarias (ben feitas), redaccións, outras actividades puntuais, etc. A avaliación farase a partir da observación na aula, do caderno, dos traballos individuais... Neste apartado inclúese tamén a participación nas actividades complementarias que se poidan realizar.

A nota obtida tras o cálculo destas porcentaxes será redondeada cara ao seguinte número enteiro só nos casos nos que se supere o medio punto, a excepción do caso do catro, en que haberá que alcanzar o catro setenta e cinco para obter o cinco, que supón o aprobado da avaliación.

Por outra banda, dada a importancia da ortografía e da presentación nas probas e/o nos traballos, descontarase (ata un máximo de dous puntos):

- 0.10 por cada falta de ortografía.

- 0.05 por cada acento mal colocado ou inexistente.

- 0.25 polos fallos de expresión, a mala presentación, a irregularidade nas marxes, letra ilexible, etc.

Tras a realización das tres avaliacións e, dado que o peso dos contidos e a dificultade aumentan paulatinamente ao longo de curso, **a nota final calcularase ponderadamente da seguinte maneira:**

1ª avaliación: 30 %

2ª avaliación: 30 %

3ª avaliación: 40 %

O cálculo da nota final farase coas cualificacións reais obtidas en cada avaliación sen ter en conta o redondeo. A partir desta media ponderada, para obter a nota final, redondearase cara ao seguinte número enteiro nos casos nos que se supere o medio punto. Considérase aprobado o alumno que alcance unha nota mínima de cinco puntos.

Debido á variedade de probas e instrumentos de avaliación previstos, non haberá recuperación de probas específicas non superadas ao longo do curso.

CRITERIOS DE RECUPERACIÓN

O alumnado que non alcance a nota mínima por trimestre para aprobar deberá realizar os exercicios de reforzo proporcionados polo profesor.

Alumnos cunha media inferior aos cinco puntos:

a) Alumnos que teñan unha avaliación suspensa e a súa nota media non alcanzase o cinco deberán realizar unha proba de recuperación de carácter parcial con contidos desa avaliación. A nota desta proba será utilizada para calcular novamente a súa nota media substituíndo a nota suspensa.

b) Alumnos que non superasen dous ou tres avaliacións realizarán unha proba de carácter global. Nesta proba manteranse os criterios expostos sobre ortografía e presentación. Descontarase (ata un máximo de dous puntos) da seguinte forma:

- 0.10 por cada falta de ortografía.

- 0.05 por cada acento mal colocado ou inexistente.

- 0.25 polos fallos de expresión, a mala presentación, os tachóns, a irregularidade nas marxes e a letra ilexible.

Tipo de proba: nela avaliarase a comprensión lectora, a expresión escrita, a capacidade de síntese, ortografía, etc. Ademais, contará cunha serie de preguntas sobre coñecemento da lingua e de literatura. Non se realizarán probas de carácter oral. Á súa vez, poderanse incluír preguntas sobre as obras de lectura.

En caso de ausencia na data e hora programada para a realización da proba o alumno deberá presentar unha xustificación.